

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DO 10 DE ABRIL DE 2024**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00017025M. 1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00017025M.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Acórdase ratificar a urxencia da convocatoria.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2024/00016607R. Suplemento de crédito 2024-SUPLE-02 e modificación de subvención nominativa exercicio 2024.

Acórdase:

PRIMEIRO: aprobar o expediente de suplemento de crédito co número 2024-SUPLE-02 con base ao contido do informe proposta que forma parte do expediente, por un monto global de VINTE MIL EUROS (20.000,00 euros) coa finalidade de recoñecer no orzamento actual o incremento dunha subvención nominativa para o fomento e promoción de dinámicas deportivas de activación dentro do municipio, financiado con baixas por anulación.

SEGUNDO: aprobar a modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento xeral do Concello para o exercicio 2024, que recolle a relación de entidades beneficiarias relativas ás subvencións nominativas, importes máximos anuais e finalidades destas axudas no exercicio 2024, que figuran recollidos individualmente en cadansúa aplicación orzamentaria específica co seguinte detalle:

Entidade beneficiaria	Importe 2024	Obxecto
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO	28.000,00	Colaborar nos gastos pola organización dun campionato oficial de ámbito nacional na modalidade de baloncesto

A aprobación da modificación desta axuda nominativa queda condicionada á entrada en vigor do suplemento de crédito proposto no apartado anterior.

TERCEIRO: na tramitación deste expediente de suplemento de crédito e de modificación do estado de gastos do capítulos IV do orzamento municipal do exercicio 2024, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

CUARTO: elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de suplemento de crédito 2024-SUPLE-02, e de modificación do estado de gastos do capítulo IV do orzamento municipal do exercicio 2024, se contra el non se formulase ningunha reclamación, procedendo á publicación do resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00015012C.

Adxudicación do contrato Servizo dunha Oficina Técnica para a xestión e soporte integral dun Concurso Internacional de Iluminación ornamental e artística da contorna monumental da Catedral de Santiago de Compostela a TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO SL.

Acórdase:

Primeiro: excluír a empresa LA FABRICA DE GESTIÓN MÁS CULTURA, por non xustificar a oferta anormalmente baixa e realizar unha retirada inxustificada da súa proposición.

Segundo: adxudicarlle, por ser o único licitador admitido e cumprir cos requisitos establecidos nos pregos, o contrato que ten por obxecto o Servizo dunha Oficina Técnica para a xestión e soporte integral dun Concurso Internacional de Iluminación ornamental e artística da contorna monumental da Catedral de Santiago de Compostela a TRIVIUM ESTRATEXIAS EN CULTURA E TURISMO SL, que presenta unha proposición económica de 257.936,43 € (base imponible de 213.170,60 € máis IVE do 21% de 44.765,83€).

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 257.936,43 € con cargo á aplicación orzamentaria 080 43200 6400000 (Código de proxecto: 2020 PSTUR 61 1).